

IRIA FOLGADO DOPICO

Profesora invitada Erasmus+
24 e 26 de marzo 2025

Curso óboe
27 e 28 de marzo 2025

Máis información
conservatoriosantiago.gal



INFORMACIÓN XERAL

Datas: 27 e 28 de marzo 2025

Lugar: CMUS Profesional de Santiago

Prezos:

Activ@s (alumnado do Centro): 30€

Activ@s (alumnado de fóra do Centro): 50€

Oíntes 15€

HORARIOS

Os horarios das clases individuais estableceranse unha vez feita a matrícula.

O horario da tarde está reservado para o alumnado do centro e alumnado do Grao Profesional.

Xoves 11h a 14h 16h a 20:30h

Venres 11h a 14h 16h a 20h

MATRÍCULA

Prazo de inscrición: ata o do 21 de marzo

Matrícula online en

<https://www.conservatoriosantiago.gal/formularios-online>

Para realizar a matrícula deberase enviar o formulario web xunto co xustificante do ingreso bancario.

As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición, ata un máximo de 12 alumn@s activ@s, tendo preferencia o alumnado do CMUS Profesional de Santiago.

Nº de conta

IBAN ES04-2080-0348-3030-4001-1278

En concepto debe constar “Curso de óboe” e nome da/o alumna

Iria Folgado

Iria Folgado iniciou os seus estudos musicais á idade de 9 anos no Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño” de Ferrol e cursou dous anos Especialización Instrumental en Escola de Altos Estudos de Santiago de Compostela con Christina Dominik. Os seus estudos en Galicia foron acompañados polo oboe solista da Orquestra Sinfónica de Galicia, Casey Hill.

Posteriormente realizou os seus estudos superiores de música e #máster en Hochschule für Musik “Hanns Eisler” Berlín co profesor Dominik Wollenweber.

Foi academista en "Karajan Akademie" der Berliner Philharmoniker durante 2019-21, posto que tivo que deixar en decembro de 2020 para ocupar a praza de Só Corno Inglés en Konzerthausorchester Berlin, obtida mediante audición en xaneiro de 2020. Durante o seu tempo na academia da Filarmónica de Berlín, Folgado puido almacenar as súas mellores vivencias orquestrais tocando coa mellor orquestra do mundo, dirixida por directores de renome internacional como Kirill Petrenko, Simon Rattle, Christian Thielemann, Daniel Harding, Iván Fischer, Andris Nelsons, entre outros.

Como intérprete orquestral, Iria tivo desde moi nova unha actividade moi activa, sendo aceptada aos 15 anos na Nova Orquestra da Sinfónica de Galicia e aos 17 anos na orquestra nova máis prestixiosa do mundo, Gustav Mahler Jugendchester.

Posteriormente, foi convidada a tocar con diferentes orquestras de gran nivel en Europa, como: Berliner Philharmoniker, Mahler Chamber Orchestra, Bayreuth Festival Deutsche Sinfonieorchester Berlin, Rundfunk Sinfonieorchester Berlin, NDR-Hannover, Staatsoper Hannover, HRSinfonieorchester-Frankfurt, Spira Mirabilis, Orquestra Sinfónica de Stavanger (Noruega), Orquestra Sinfónica de Galicia, entre outras.

Actualmente é Só corno inglés en Konzerthausorchester Berlin, e cursa o prestixioso grao de Konzertexam en Hochschule für Musik "Hanns Eisler" Berlín coa profesora Viola Wilmsen.

Entre os seus últimos logros, destaca o lanzamento do seu debut discográfico Ecos de Breogán, unha viaxe musical polo repertorio de cámara para oboe, corno inglés e cuarteto de corda de compositores ingleses do principio do século XX, xunto á creación contemporánea do compositor galego Fernando Buide Do Real.